<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14.A diversidade xeográfica das paisaxes de España: relevo e hidrografía. ▪ B2.15.O relevo e a rede hidrográfica de Galicia. Utilización de sistemas de información xeográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. 	1º trimestre	Enumera e localiza nun mapa físico as principais unidades de relevo da Península.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. 	1º trimestre	Enumera e localiza nun mapa físico as principais unidades de rede hidrográfica da Península.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.16.A intervención humana no medio. Estudo de campo das consecuencias da intervención humana na contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. 	1º trimestre	Realiza unha redacción sobre as accións que deberían observarse para protexer o medio ambiente e frear o cambio climático.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e 		Realiza unha exposición oral sobre as accións que deberían

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17.A contaminación e o cambio climático. ▪ B2.18.Desenvolvemento sostible e consumo responsable. 		o consumo responsable.	1º trimestre	observarse para favorecer un consumo responsable.
--	--	------------------------	--------------	---

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CONTIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1.A Constitución de 1978. ▪ B3.2.Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. 	2º trimestre	Identifica nun listado os principais dereitos, deberes e liberdades cidadás recoñecidas na Constitución española.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3.Forma de goberno: a monarquía parlamentaria. ▪ B3.4.As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.2.1. Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. 	2º trimestre	Explica que é a Constitución e enumera as características do sistema de goberno de España fixadas nela.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. 	2º trimestre	Realiza unha táboa coas características principais da división de poderes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Entidades territoriais e órganos de goberno. As 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Describir a organización territorial do Estado español así como 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas 	2º trimestre	Realiza unha táboa con todas as Comunidades Autónomas españolas, as súas capitais e as

comunidades autónomas, as cidades autónomas e as provincias.	os órganos de goberno.	comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.		provincias que as compoñen.
<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Manifestacións culturais e lingüísticas de España. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.4.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. 	2º trimestre	Enumera as linguas oficiais que existen en España.
<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Demografía e poboación. Variables demográficas. B3.8. Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación, distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación. B3.9. Representación gráfica de datos demográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.5.1. Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. 	2º trimestre	Explica que é a demografía e denomina os principais indicadores demográficos.
		<ul style="list-style-type: none"> CSB3.5.2. Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación. 	2º trimestre	Elabora unha pirámide de poboación e é capaz de explicar que información nos proporciona.
<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Poboación de Galicia e España: distribución e evolución. Representación gráfica dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en fontes estatísticas: INE. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.6.1. Describe os principais rasgos da poboación española. 	2º trimestre	Elabora unha táboa coas características demográficas principais da poboación española, calculando o crecemento natural e o crecemento real da poboación.
		<ul style="list-style-type: none"> CSB3.6.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. 	2º trimestre	Explica que é a natalidade e a mortalidade.

		<ul style="list-style-type: none"> CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española. 	2º trimestre	Recoñece nun mapa os factores que inflúen na distribución demográfica.
		<ul style="list-style-type: none"> CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas. 	2º trimestre	Localizar nun mapa e anota as provincias máis poboadas de España.
<ul style="list-style-type: none"> B3.11.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de inmigrantes ao noso país. B3.12.Problemas actuais da poboación española. <ul style="list-style-type: none"> – Estudo de casos e debates. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país. 	2º trimestre	Enumera os principais movementos migratorios que rexistrou España durante a época contemporánea.
		<ul style="list-style-type: none"> CSB3.7.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc. 	2º trimestre	Expón que é unha sociedade multicultural e explica as consecuencias da inmigración para España.
<ul style="list-style-type: none"> B3.13.As actividades produtivas: recursos naturais e materias primas. B3.14.Producos elaborados. Artesanía e Industria. Formas de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8.Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.8.1.Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen. 	2º trimestre	Identifica as materias primas e obxectos e razoa de forma concisa a súa orixe.
		<ul style="list-style-type: none"> CSB3.8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen. 	2º trimestre	Fai un esquema co proceso de obtención dun produto.
<ul style="list-style-type: none"> B3.15.As actividades económicas e os sectores produtivos de España. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.9.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.9.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen. 	2º trimestre	Fai un cadro cos sectores de produción e algunhas das actividades económicas
		<ul style="list-style-type: none"> CSB3.9.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes. 	2º trimestre	Localiza nun mapa a distribución dos sectores de produción.

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.

CONTIDOS MÍNIMOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR
<ul style="list-style-type: none"> B4.1.O tempo histórico. A Idade Media e a Idade Moderna: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.1.1Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais. 	3º trimestre	Localiza nunha liña de tempo as datas de comezo e final da Idade Media e Moderna e sinala tamén os feitos históricos que ocorriron.
<ul style="list-style-type: none"> B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación: fontes primarias e secundarias. Elaboración dun traballo comparativo entre tipos de fontes históricas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2.Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia, diferenciando entre fontes primarias e secundarias. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.2.1.Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea. 	3º trimestre	Identifica nun listado diferentes tipos de fontes primarias e secundarias
<ul style="list-style-type: none"> B4.3.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos. 	3º trimestre	Representa unha cronoloxía que recolla a duración e características das distintas etapas
<ul style="list-style-type: none"> B4.4.A península ibérica na Idade Media. B4.5.Al-Andalus e os 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España. CSB4.4.2. Identifica e localiza no tempo e no 	3º trimestre	<p>Constrúe liñas de tempo para organizar feitos do pasado.</p> <p>Elabora un eixe cronolóxico a</p>

<p>reinos cristianos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6.O Camiño de Santiago. O Románico. O Gótico. Proposta de realización dunha investigación e exposición sobre o Camiño de Santiago. ▪ B4.7.España e Galicia na Idade Moderna. ▪ B4.8.A época dos grandes descubrimentos. ▪ B4.9.A monarquía dos Austrias e os Borbóns. ▪ B4.10.A arte na Idade Moderna: Renacemento e Barroco. 	<p>históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.</p>	<p>espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.</p>	3º trimestre	partir dos datos representativos da idade media e idade moderna.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.3.Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas. 	3º trimestre	Busca información sobre a organización da vida e expón mediante gráficos resultado obtido.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.4. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos. 	3º trimestre	Organiza nunha liña do tempo os principais movementos artísticos e culturais e explica as súas características.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.5.Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais. 	3º trimestre	Recoñece a permanencia e periodización das culturas medievais na península.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.6.Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII). 	3º trimestre	Elabora un cadro coas características e acontecementos da Idade Moderna
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. 	3º trimestre	Fai unha presentación sinxela sobre o patrimonio cultural e artístico das etapa da historia, valorando a conservación e o respecto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.6.1.Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. 	3º trimestre	Busca en internet os restos máis próximos do pasado que teñen a orixe na idade media e moderna.

<p>aprendizaxe e gozo. Elaboración dunha guía dun museo próximo.</p>	<p>onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</p>			
<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>		<ul style="list-style-type: none"> • Cadernos e traballos escritos, rexistrándoo na axenda da mestra. • Debates e presentación de traballos, con rexistro en vídeo gravación ou audio gravación . • Probas escritas, en referencia aos estándares que se avalían (seguindo os modelos que se facilitan dende EDIXGAL e os de elaboración propia) • Mapas conceptuais, con rexistro na axenda da mestra. • Formularios de google enviados ao correo electrónico. 		

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.
- A metodoloxía será variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe.
- Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
 - o Combinar traballo individual e cooperativo.
 - o Traballo por tarefas.
 - o Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas en contextos da vida real.
- desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real
- Uso habitual das TIC.
- Papel facilitador da profesora.

Principios metodolóxicos

- Actividade e experimentación
- Participación
- Motivación.
- Persoalización.
- Inclusión.
- Interacción.
- Significatividade.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.

Agrupamentos

- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible
- Parellas
- Pequeno grupo
- Gran grupo

Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos (proxectos).
- Simulacións.

6. MATERIAIS E RECURSOS

- Libro do alumno de Ciencias Sociais da Editorial Vicens Vives (pertencentes ao centro)
- Cadernos de actividades
- Láminas de Sociais

Recursos dixitais

- Enderezos de internet
- Libro de Ciencias Sociais da editorial dixital Smart Classroom de Netex, propocionado dentro do proxecto EDIXGAL, utilizando de maneira puntual os das editoriais EDEBÉ e Planeta.

Recursos do profesorado

- Guía didáctica.
- Programación Didáctica de Aula (PDA).

Recursos para a avaliación

- Avaliación inicial.
- Probas de avaliación de contidos.
- Probas de avaliación por competencias.
- Sistema de rúbricas para a avaliación.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE
<ul style="list-style-type: none"> • Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación de contidos: probas correspondentes á unidade. • Probas de avaliación por competencias correspondentes á unidade • Elemento de diagnóstico: rúbrica da cada unidade • Probas tipo test 	60 %
<ul style="list-style-type: none"> • Análise e valoración das tarefas na clase • Exposicións orais • Debates e intervencións 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise de producións: caderno, comentarios, etc. • Realización correcta do traballo • Presentación do traballo • Elaboracións multimedia • Documentos gráficos e visuais • Observación directa: Anotacións no rexistro da mestra-titora 	20 %
<ul style="list-style-type: none"> • Análise e valoración das tarefas de casa e traballos específicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise das producións e traballos específicos 	10 %
<ul style="list-style-type: none"> • Valoración de actitudes na aula: <ul style="list-style-type: none"> - escoita - Participación - Esforzo - Colaboración 	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistros da mestra (de participación, actitude, atención,...) 	10 %

Tal como sinala o artigo 12 do decreto 105/2014, a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo dirixidas a garantir a adquisición das competencias.

Promoción do alumnado:

Tal e como se recolle no artigo 13 do currículo de educación primaria para Galicia:

“1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.”

- Ao finalizar cada un dos trimestres realizarase unha avaliación, onde se acordará a nota redondeando á centésima máis próxima: IN(1, 2, 3 ou 4) / SU (5) / BE(6) / NT (7, 8) / SB (9, 10). Será na terceira avaliación cando se tome a decisión pola promoción do alumnado.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Na táboa que se amosa a continuación aparecen os indicadores e a valoración que lles damos aos mesmos.

O equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

1- ORGANIZACIÓN DA AULA, CLIMA ESCOLAR E A INTERACCIÓN ENTRE O ALUMNADO , ASÍ COMO A RELACIÓ ENTRE PROFESORADO-ALLUMNADO					
	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
1.1 Grao de valoración da organización da aula e do clima escolar					
1.2 Grao de valoración da interacción entre o alumnado.					

1.3. Grao de valoración de relación entre o profesorado e o alumnado					
2- A COORDINACIÓN ENTRE OS PROFESIONAIS DUN MESMO CICLO E A COHERENCIA ENTRE OS CICLOS					
	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
2.1 Valoración da coordinación entre os mestres do mesmo ciclo					
2.2 Valoración da coordinación entre os mestres do mesmo nivel.					
2.3 Valoración da coordinación entre os mestres dos outros ciclos					
3- A REGULARIDADE E CALIDADE DA RELACIÓN COS PAIS, NAIS E TITORES LEGALES E A PARTICIPACIÓN DESTES NO PROCESO DE APRENDIZAXE DAS SÚAS FILLAS E DOS SEUS FILLOS.					
	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
3.1 Grao de valoración da relación cos pais, nais ...					
3.2 Grao de valoración da participación dos pais no proceso de aprendizaxe dos seus fillos.					
3.3 Grado de valoración da solicitude titorías por parte das familias .					
3.4 Grado de valoración da asistencia as reunións convocadas.					
4- A ADECUACIÓN DA PROPOSTA PEDAGÓXICA E DA PROPIA PLANIFICACIÓN					

	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
4.1 Incidencia da avaliación inicial nos obxectivos e contidos programados.					
4.2 Adecuación dos obxectivos programados..					
4.3 Adecuación dos contidos curriculares seleccionados.					
4.4 Adecuación dos criterios de avaliación.					
4.5 Desenvolvemento da programación acorde co previsto.					
4.6 Adecuación das estratexias de ensino/aprendizaxe aplicadas ao grupo.					
4.7 Adecuación da metodoloxía.					
4.8 Adecuación da organización dos espazos en función do grupo clase.					
4.9 Adecuación , idoneidade e suficiencia dos materiais empregados.					
4.10 Elaboración de materiais curriculares polo equipo docente.					
4.11 Grado de desenvolvemento das actividades propostas na Programación Docente					
4.12 Programación de actividades axeitadas as características dos alumnos,					
4.13 Uso de recursos do centro.					

4.14 Uso das novas tecnoloxías					
5. A ADECUACIÓN DA PROPOSTA METODOLÓXICA NA CONTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.					
	Moi satisfactorio	Bastante satisfactorio	Suficiente	Pouco satisfactorio	Nada satisfactorio
5.1 Grado de adecuación da proposta metodolóxica.					
5.2 Grado de contribución á consecución das competencias clave.					

9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR

Dentro do material didáctico que aporta a editorial Vicens Vivens están as probas escritas de avaliación inicial, para realizar durante as primeiras semanas de clase, sempre que se considere pertinente. Tamén se optará por propoñer actividades manipulativas ou orais, e non necesariamente escritas.

Debido ao longo tempo que pasou dende que rematou o curso pasado iremos propoñendo actividades de repaso sobre cuestións esenciais, que tamén nos poderán servir para detectar como se enfrenta o alumnado ao novo curso.

Durante a sesión de avaliación inicial se comentarán os datos obtidos desta avaliación inicial. En caso necesario haberá que informar ás familias para tratar de anticiparnos ás posibles dificultades.

Ao longo das unidades propostas tamén se propón unha serie de preguntas para tratar de partir dos coñecementos previos que ten o alumnado. Pensando nunha metodoloxía baseada en proxectos, estas cuestións poden ser perfectamente substituídas polas típicas preguntas de inicio dos proxectos de traballo:

- Qué sabemos?
- Qué queremos saber?

Que nos servirán para planificar partindo dos seus intereses, xerando con isto unha maior motivación por parte do alumnado. Así, e aínda que temos o libro de texto para guía a nosa aprendizaxe nesta materia de naturais, baseándonos nos intereses do alumnado poderemos reconducir esa aprendizaxe hacia una metodoloxía por proxectos.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro do artigo 15 atopamos

*“5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha **atención personalizada** en función das necesidades de cadaquén.*

*6. Prestaráselle especial atención durante a etapa á **atención personalizada dos alumnos e das alumnas**, á realización de **diagnósticos precoces** e ao establecemento de **mecanismos de reforzo** para lograr o éxito escolar.*

*7. Os **mecanismos de reforzo**, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto **organizativos** como **curriculares**. Entre estas medidas poderán considerarse o **apoio no grupo ordinario**, os **agrupamentos flexibles** ou as **adaptacións do currículo**.*

O alumnado de 5º de Primaria atópase dividido en dúas aulas. En 5ºA hai 13 alumnos/as (5 nenos e 8 nenas). Nesta aula, unha nena e un neno reciben apoio da mestra de A.L. con dúas e tres sesións semanais, respectivamente. Na clase de 5ºB hai 14 alumnos/as (8 nenos e 6 nenas). Nesta clase, unha nena recibe apoio de A.L. dúas sesións semanais e un neno ten dúas sesións semanais coa mestra de A.L. e dúas coa mestra de PT. Todos estes alumnos xa recibían apoios tanto de A.L como de P.T o curso pasado. Aínda que non todas as aprendizaxes traballadas nestas sesións están relacionadas con esta área en concreto, facilitan a mellor comprensión dos contidos desta materia

O material da clase conta con fichas de reforzo e de ampliación que serán utilizadas sempre que se considere necesario.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

<i>ELEMENTOS TRANSVERSAIS</i>	<i>CONCRECIÓN</i>
CL Comprensión lectora	En cada sesión. Fundamental o entendemento do que se le para poder expresalo despois e realizar as actividades.
EOE Expresión oral e escrita	En cada sesión. Expresar o entendemento do traballado.
CA Comunicación audiovisual	Ao longo de cada trimestre. Mediante a utilización de vídeo para reforzar en complementar os contidos.
TIC Tecnoloxías da información e da comunicación	Ao longo de cada trimestre. Para ver os contidos a traballar (EDIXGAL) e como medio de busca de información.
EMP Emprendemento	Ao longo de cada trimestre. Buscando maneiras de solucionar os problemas.
EC Educación cívica	En cada sesión. Tanto na clase como nas saídas amosando respecto polos outros.
PV Prevención da violencia	Ao longo de cada trimestre. Buscando unha solución pacífica de conflitos, sen discriminacións por razón de xénero ou racismo.
EV Educación e seguridade viaria	Ao longo de cada trimestre. Cando se realicen as actividades complementarias e extraescolares, e teñamos que saír do recinto escolar.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Este curso vémonos, tal e como comeza, moi limitadas para a realización destas actividades. As complementarias obrigaranos a ter o material preparado de maneira individual para cada un, xa que non o poden compartir. En canto ás extraescolares deberemos optar por visitas virtuais para o coñecemento de elementos do contorno.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Esta programación considérase aberta e flexible, como elemento vivo dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se realiza na aula de 5º curso do CPI de San Sadurniño durante o curso 2018-2019.

Será susceptible de modificación en calquera momento do proceso para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado concreto que conforma o grupo clase, por ampliación ou redución de contidos.

Ao finalizar cada trimestre revisárase e avaliarase a propia programación cubrindo a táboa seguinte, na que o 1 indica o menor grao de cumprimento co ítem que representa.

REVISIÓN TRIMESTRAL E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	-		+	
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				

8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
11. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
13. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
14. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				

21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
22. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

14. ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN ACTUAL

14.1 Escenarios posibles ao longo do curso

Al longo deste curso temos que contemplar, tan e como indican as instrucións do 30 de xullo, no punto terceiro do seu apartado 3, referido a programación, tres posibles escenarios:

- **Actividade lectiva presencial**

Continuarese a programación como se ven facendo de maneira habitual, tendo en conta os protocolos para esta situación que estamos a vivir.

- **Actividade non presencial**

Neste caso temos varias vías de comunicación posible co alumnado:

1. **EDIXGAL**. Como teñen os libros incluídos dentro desta plataforma será utilizada tanto Online como Offline. Podemos tamén utilizala para ir incluíndo dentro dos seus temas actividades, vídeos, enlaces a páxinas web, ... Os propios libros posibilitan o envío e corrección de tarefas, así como actividades de autocorrección.
2. **CORREO @cpisansadurnino.org**. Resulta unha canle de comunicación co alumnado moi doada de utilizar. Servirnos para trasladar comunicacións con eles, envío e recepción de tarefas.
3. **AULA VIRTUAL DO CENTRO**. Iniciaremos ao alumnado no seu uso como canle de recepción e envío de tarefas.
4. **WEBEX e FALEMOS**: plataformas de videoconferencia ofertadas pola Xunta.

Mediante estas vías de comunicación

- **Actividade semipresencial**

Aínda que en n primaria non se contempla esta modalidade, o que si podemos ter en conta son os posibles casos de alumnado que, por precaución ou por ser contactos estreitos dalgún positivo, se vexan na necesidade de **ter que quedar na casa puntualmente**. Nestes casos manteremos contacto vía correo electrónico, cos seus pais ou con eles mesmos a través do correo que teñen do centro, @cpisansadurnino.org, para iralles enviando o traballado ao longo da xornada na que se ausentan e que deste xeito poidan continuar coa súa aprendizaxe.

Contamos coas mesmas vías de comunicación que na modalidade non presencial.

14.2 Metodoloxía en caso de ensino a distancia

Dentro da consideración de programación aberta e flexible, especificamos a maneira de traballar en caso de ensino a distancia.

No mes de setembro o alumnado de 5º de primaria disporá dos seguintes medios:

- As familias recibirán unha conta de **correo @cpisansadurnino.org** para uso do alumnado, para o que se lles facilita o contrasinal.
- O alumnado será dado de alta na **Aula Virtual do centro**, para o que se lles dará o usuario e contrasinal.
- Reparto dos **ordenadores EDIXGAL** facilitados pola Xunta de Galicia para o traballo nesta plataforma virtual educativa. Dende a clase irán facendo o seu rexistro en **EVA EDIXGAL** e cambiando o seu contrasinal. Aquí é onde eles irán consultando os seus libros, incluídos polas mestras de cada unha das materias.
- Iniciación no uso das **Videoconferencias** (Falemos ou Webex) entre as dúas clases de 5º EP, para introducirse no seu uso, e aproveitando para a realización de actividades conxuntas.

As actividades programadas diariamente deberán ser reducidas, buscando unha secuencia semanal que se adapte ao ritmo que conleva o ensino na distancia, cos diferentes ritmos que pode levar cada alumno e os comentarios das tarefas fanse máis lentos, por ter que ser necesariamente realizados de maneira individual. Solicitarase ao alumnado a entrega semanal dalgunhas das tarefas propostas, podendo manter contacto diariamente co profesorado para aclaracións e dúbidas.

A videoconferencia podería favorecer a corrección grupal, pero estamos condicionados ao seu bo funcionamento e a que o alumnado poida coincidir para conectarse.

A entrega de tarefas será dunha periodicidade semanal, de tal xeito que polo menos unha vez á semana teñan que manter contacto coa mestra, por calquera dos medios contemplados anteriormente. Estas tarefas entregadas teranse en conta para realizar a avaliación. Do resto de tarefas non solicitadas se lles enviarán as correccións para que sexan eles mesmos os que se encarguen da revisión das mesmas, consultando sempre calquera dúbida que puidese xurdir.

Debemos contemplar a posibilidade de que xurdan dificultades, como dificultades de conexión, ritmo lento na comprensión e realización de tarefas, estado emocional do alumnado, etc.

14.3 Alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Necesariamente temos que contemplar a situación na que o alumnado non poida conectarse por internet, xa que pode haber alumnado que nunca poida ou alumnado que en determinados momentos careza de conexión.

Procuraremos que o alumnado que se vexa nesta situación teña descargados os temas do EDIXGAL na aplicación EVA Offline. Deste xeito, aínda sen conexión podería acceder aso mesmos.

Noutras posibles situacións habería que ver os casos concretos para tratar de solucionarlos da mellor maneira posible, tratando de garantir sempre o Dereito á Educación que contempla a nosa Constitución.